




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Muros e Noia. Municipio: Outes. Parroquias: San Cosme de Outeiro. Extensión: 1,85 km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa baixa que presenta unha chaira costeira alongada e próxima ao litoral, coa excepción da elevación montañosa do Pedregal, ao oeste da unidade. A liña costeira é practicamente rectilínea, destacando tan só o entrante costeiro na desembocadura do arroio de Serantes. Ao norte, a unidade intérnase na chaira intermareal do Esteiro do Tambre.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade composta, sobre todo, por unha granodiorita herciniana precoz con megacristsais. Hai que anotar a presenza de dúas bandas de orientación case meridiana, de materiais diferentes, na parte máis oriental da unidade. A primeira componse de ortogneis biotítico blasmlonítico, a segunda, na esquina máis oriental, en Cotros, presenta especies metamórficas do Complexo de Noia, de idade precámbrico-cámbrica. Existen tamén granitos moscovíticos, coñecidos como Tipo Tremuzo no Monte Ameixide. No flanco occidental da cala do Requeixo aparece unha pequena banda de ortogneis biotítico blastomilonítico. Tamén na liña de costa e coa mesma orientación do resto de materiais, NNO. -SSE. é posible encontrarse bandas de granito herciniano de dúas micas de gran medio a goso con orientación por deformación, coñecido como Tipo Barbanza e un dique de cuarzo. O Cuaternario holoceno aparece nos sedimentos intermareais do Requeixo.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Húmido no que a temperatura media anual supera os 15°C e a amplitude térmica media oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C. En canto ás precipitacións obtéñense de valores máximos acumulados de 1400 mm ao ano e mínimos de 1200 mm.

OS SOLOS

Solos incipientes na franxa costeira asociados aos procesos de sedimentación fluvio-mariña, especialmente arenosoles e fluvisoles sálicos e tiónicos no sector do Requeixo. Nas ladeiras predominan os cambisoles e os umbrisoles dístricos, estes últimos menos desenvolvidos pero que aínda así permiten usos principalmente forestais.


AS AUGAS

Tramo costeiro caracterizado por acantilados e as ladeiras do relevo paralelo ao litoral sobre as que non se desenvolven cursos fluviais de porte significativo. A unidade atópase completamente bañada polas Augas de Transición da Ría de Muros e Noia (20474).

O PATRIMONIO NATURAL

Toda a liña de costa e as formacións intermareais están protexidas polo LIC Esteiro do Tambre. Costa de fondo de esteiro, con tramos acantilados baixos. Destacan o hábitat 1210, de vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados, os bancos intermareais e submareais superficiais areosos e lamacentos (1110 e 1140), ademais de pequenos sectores de marismas (grupo 13). A unidade posúe varias masas de caducifolias de certa dimensión, aínda que son mixtas, é dicir, mesturadas con outras especies. A súa orixe tamén é mixta. En ocasións parece derivar do abandono dos campos de cultivo e a recolonización a partir de lindes vexetadas, noutros casos parece existir unha masa pura previa que se degradou, a partir de antigas carballeiras (9230, Bosques galaico-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica) ou soutos (9260, Bosques de Castanea sativa). Existen así interesantes masas en Agro Maior, entre Serantes e O Barreiro, ou na fronte costeira entre Porto da Barquiña-Outes e Albeida, esta última de gran tamaño.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Predominio do uso forestal alternando gran diversidade de especies: bosques de carballos autóctonos, formacións vexetais costeiras, masas mixtas e no fondo da unidade principalmente árbores de repoboación. As áreas destinadas a labranza sobre o suave relevo do val rodean as zonas onde hai asentamentos de tipo rural, o cultivo principal é de cereais e patacas. Nas ladeiras montañosas o uso forestal cobre estes espazos laxos. Na franxa costeira apréciase a formación de chairas intermareais e lamacentas. O peirao da Barquiña e outro embarcadero máis ao norte relacionan este ámbito coa actividade marisqueira, puntal da actividade socioeconómica da zona. Na mesma situación do segundo embarcadero atopamos unha área de espaxamento.

MORFOLOXÍA

A morfotopoxía predominante márcana as vivendas dos núcleos rurais existentes: Serantes, Vara, A Barquiña, Albeida e illada destes polo norte parte do núcleo de Rates. Na súa maioría son de uso residencial compostas de baixo e planta. Os asentamentos máis recentes sitúanse de forma lineal nas marxes da estrada que enlaza os núcleos, pero mantendo a tipoloxía de baixo e planta típica do rural. estableceuse o conxunto da Barquiña como Núcleo de identidade do litoral, entendendo que este está constituído polas unidades de asentamento Porto da Barquiña e o Cruceiro da Barquiña, unha en cada unha das beiras da desembocadura do río Tambre

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A unidade está ben comunicada coa comarca por dúas estradas que empalman directamente co trazado da AC-550, sendo esta a vía de comunicación que relaciona todas as poboacións da comarca polo litoral. Polo norte parte unha vía ata o núcleo de Rates, no sur a AC-6203 dá acceso aos núcleos de Serantes, Vara, Albeida e A Barquiña. Tanto o parcelario agrícola como as masas de bosques estrutúranse cunha rede de pistas e camiños.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O patrimonio cultural compóñeno un cruceiro, un conxunto de fonte e lavadoiro, os muíños de Albeida e o porto da Barquiña. Tamén se contabiliza o depósito do Pedregal no límite da unidade polo oeste.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Sobre a chaira costeira, xérase un espazo aberto que dá cabida ao parcelario agrícola no que tamén se asentan os núcleos rurais. O carácter desta unidade vén determinado polo relevo da costa practicamente rectilínea, algo singular en toda a franxa litoral da comarca, o núcleo da Barquiña e o seu pequeno porto mariñeiro forman un enclave de carácter tradicional que relaciona toda a unidade co uso marisqueiro predominante na comarca.

DINÁMICA DA PAISAXE


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O trazado rectilíneo da costa coa formación de chairas intermareais e lamacentas compoñen o elemento máis representativo dende o punto de vista paisaxístico nesta comarca costeira. As dúas enseadas de Bogalleira e do Engano rompen esa continuidade nos límites da unidade pola franxa litoral. Por outro lado as elevacións do relevo e o Monte do Pedregal dotan dunha aparencia montañosa ao conxunto, que en contraste ofrece unha sensación de laxitude grazas ao corredor visual que se abre dende o singular porto da Barquiña en dirección ao val. O alto valor ecolóxico desta unidade vén dado pola inclusión da liña costeira no LIC Esteiro do Tambre e a súa inclusión na Rede de Espazos Naturais e na Rede Natura 2000. Dende o Monte do Pedregal ofrécese unha boa visión do conxunto. O patrimonio cultural constituído por elementos tradicionais da arquitectura rural, dota dun valor engadido o conxunto, actuando como reclamo do turismo nun enclave ben conservado.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



